



O LADRÓN DE VOCES

Rafael F. Lorenzo

Ilustracións: Loreto

Blanco Salgueiro

Kalandraka editora

Pontevedra, 1.998

De oito anos en adiante

Contaba sempre o meu mestre Federico Martín que cada historia que se lle conta a un neno son folerpas de neve que caen sobre os seus ollos. Para un, que concibe que os contos naceron, polo menos na forma que nós os coñecemos hoxe, con afán socializante e educador —en sentido amplo— emociona sentir que no medio de tanto deserto cheo de voces que non din nada se erga unha que defenda con forza, ardor, valentía e honradez o valor da palabra fronte a tanta mecánica e tanta luz que por violenta deslumbra os ollos e a alma dos que se poñen diante dos seus raios. Conmove que desde unha posición puramente emocional, de sentimento desbocado se faga unha metáfora do que representa a voz humana no devir histórico da humanidade. Contan algúns biólogos que a grande evolución do ser humano foi a posibilidade de opoñer o dedo gordo ós outros dedos, que gracias a isto foi posible o desenvolvemento das persoas ata o punto de ser capaces de pensar, planifi-

car as súas vidas e comunicarse. Tamén os hai que sosteñen que os animais superiores son aqueles que adican máis tempo das súas vidas ó xogo, xogo que é práctica da vida mesma, preparación e adestramento. É aí onde está o interese dos contos, en que se poida aprender a vivir cos perigos da vida sen o risco de perecer na práctica. E diso é do que trata este ladrón de voces, de xogar coa vida e o valor das pequenas cousas, deses minutos tan inútiles en aparencia e tan importantes para que as nosas voces teñan utilidade e non se convirtan en ruído e botín de calquera ladrón malintencionado que pretenda ser salvador de causas que non se queren salvar. Voces e palabras de cores, de formas caprichosas, de ondas e mar, de area e ventos. E entre ondas, ventos e rúas fuxía a figura dun ladrón polas desertas rúas da cidade cun maletín debaixo do brazo. E no maletín ían as memorias roubadas de centos de anos de vida convertidas en desposos por un tempo efímero que a penas existe. Pasaba da noite ó día e do día á noite sen entender que as estrelas agachan as almas dos vellos guerreiros mortos ou que hai que cruzar as augas do río do olvido para entender que sempre hai un fogar ó que tornar e unha terra na que o sol ferve ó se ocultar nela cada atardecer.

X.M.G.B.